

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de decembro de 2022**
Ás 18.00 horas do día 14 de decembro de 2022, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Álvaro José Fernández López

D.^a María Consuelo Vispo Seara

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asisten os deputados do Grupo Popular, don Miguel Antonio Cid Álvarez (substituído por dona María Consuelo Vispo Seara).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE NOVIEMBRE DE 2022.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2022.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 16 de novembro de 2022, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DESAFECTACIÓN DE PARCELA DE TITULARIDADE PROVINCIAL, CORRESPONDENTE Á OU-0505, MUNICIPIO DA PEROXA

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aprobar a desafectación da seguinte parcela sobrante de titularidade provincial, correspondente á OU-0505, no municipio da Peroxa:

Denominación	PQ inicial	PQ final	Lonxitude	Anchura	Superficie	Tipoloxía	Función
Sobrante OU-0505 entre pq 12+150 e pq 12+220 marxe dereita	12+150	12+220	70 M	variable	153,93 m2	Convencional	Local

En todo caso, a incorporación ao patrimonio da Corporación Provincial dos bens desafectados con carácter patrimonial non se entenderá efectuada ata a recepción formal pola Presidencia dos ditos bens, e en tanto esta non teña lugar, os bens seguirán tendo o carácter de dominio público.

Unha vez desafectada a devandita parcela e adquirida a súa condición de ben patrimonial, tendo en conta a solicitude formulada polo Concello da Peroxa, de cesión da parcela para a instalación nela dunha fosa séptica, procederá a tramitación de expediente de cesión, conforme co procedemento previsto no artigo 110 do Regulamento de bens das entidades locais.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E ás 18.05 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.